



ESTRATEGIA  
**PAISAXE**  
**GALEGA**





<b>1. O MARCO DA ESTRATEXIA: A LEI DE PROTECCIÓN DA PAISAXE DE GALICIA</b>	
1.1. Introducción .....	4
<b>2. OS FINS DA ESTRATEXIA .....</b>	<b>5</b>
<b>3.OS ANTECEDENTES: O POL .....</b>	<b>5</b>
<b>4. AS ACCIÓNS.....</b>	<b>6</b>
A.1. Redacción dos Instrumentos de protección, ordenación e xestión das paisaxes	
A.1.1. Catálogos e Directrices de Paisaxe .....	7
A.1.2. Plans de acción da paisaxe en áreas protexidas.....	8
A.2. Integración paisaxística.....	11
A.3. Sensibilización, formación e divulgación da Paisaxe.....	13

## 1. O MARCO DA ESTRATEXIA: A LEI DE PROTECCIÓN DA PAISAXE DE GALICIA.

### 1.1. INTRODUCCIÓN

O 20 de outubro do ano 2000, España asinaba en Florencia o **Convenio Europeo da Paisaxe** (CEP). Este recoñeceu xuridicamente o dereito da cidadanía a gozar da paisaxe como compoñente do seu benestar e calidade de vida. Á luz deste Acordo Internacional, as paisaxes eríxense nunha ferramenta útil para intervir na complexidade actual da gobernanza do territorio, en especial para contribuír na preservación dos seus aspectos patrimoniais, naturais e culturais, e para acadar unha maior coherencia nas políticas territoriais. De acordo co exposto no artigo 4 do CEP (reparto de competencias) cada Estado aplicará o Convenio segundo o seu propio reparto de competencias, de conformidade cos seus principios constitucionais e a súa organización administrativa, e respectando o principio de subsidiariedade, tendo en conta a Carta Europea de Autonomía Local.

Trala ratificación do Convenio e a súa entrada en vigor en todo o territorio español, con data 1 de marzo de 2008, a **Comunidade Autónoma de Galicia** procedeu a regular a materia da paisaxe, conforme ao seu ámbito competencial establecido nos artigos 27.3 e 27.30 do Estatuto de autonomía de Galicia, referentes ás competencias exclusivas da comunidade galega nas materias de ordenación do territorio, urbanismo e vivenda e ás normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe, nos termos do artigo 149.1.23 da Constitución española. O resultado foi a **Lei 7/2008 de 7 de xullo de protección da Paisaxe de Galicia**



Cañón do Sil.

*As culturas modelaron de xeito diferenciado o seu territorio en continua dialéctica cos procesos naturais. O froito deste proceso, que cada un de nós herdamos das xeracións pretéritas e legamos ás futuras, é o que chamamos paisaxe. E sobre ela construímos a nosa identidade persoal e colectiva.*

*Definición da Paisaxe recollida na Lei:  
“Calquera parte do territorio tal e como a percibe a poboación, cuxo carácter sexa o resultado da acción e da interacción de factores naturais e humanos”*

## 2. OS FINS DA ESTRATEXIA.


Galicia é hoxe consciente da importancia das súas paisaxes e do deber de preservalas, porque se trata dun recurso patrimonial incuestionable que participa do interese xeral nos aspectos ecolóxicos, culturais, económicos e sociais. A paisaxe proporciona o marco idóneo na súa concepción holística para abordar a comprensión e a análise do territorio, así como, das políticas de desenvolvemento sostible, necesarias para a súa posta en valor e dos procesos ecolóxicos que nel teñen lugar. E para todo iso, a lei esixe que as políticas en esta materia atendan, como mínimo, os seguintes fins:

- 1. A protección da paisaxe:** entendida como todas aquelas accións que teñan como fin a preservación e conservación dos elementos máis significativos e característicos dunha paisaxe, xustificadas polo seu valor patrimonial como resultante da súa configuración natural ou da intervención humana sobre o medio.
- 2. A xestión da paisaxe:** entendendo como tal aquelas accións que desde unha perspectiva de uso sostible do territorio garantan o mantemento regular da paisaxe, co fin de guiar as transformacións inducidas polos procesos sociais, económicos e ambientais.
- 3. A ordenación da paisaxe:** que serán todas aquelas accións que presenten un carácter prospectivo particularmente acentuado con vistas a manter, mellorar, restaurar ou rexenerar paisaxes.

## 3. OS ANTECEDENTES. O POL

O modelo proposto polas **Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia** determina claramente que as administracións públicas, conforme aos criterios da Lei 7/2008 de 7 de xullo de Protección da Paisaxe de Galicia integrarán a consideración da paisaxe nos instrumentos de ordenación territorial e urbanística así como noutras políticas sectoriais. A comprensión dos valores identitarios inherentes ás nosas paisaxes é o mellor punto de partida **para o deseño dun novo modelo de organizar o territorio de Galicia**. Neste contexto normativo que acabamos de esbozar representado pola lei da paisaxe e as DOT, e desde a asunción da importancia da paisaxe galega como recurso económico e social e como eficaz indicador do grao de calidade das políticas de ordenación territorial, a Xunta deseñou a presente Estratexia en materia de paisaxe, que **ten percorrido un treito importante. Un camiño que comezou coa aprobación do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia**.

***A inquietude social diante das transformacións da paisaxe e o desexo de non perder o control democrático dos cambios que acontecen nel, aumentou nos últimos anos, xunto coa aspiración a unha paisaxe non despersonalizada, chea de valores que melloran a nosa calidade de vida.***



## 4. AS ACCIÓNS.

A partires do noso marco normativo a Xunta, entendendo como elemento clave a consideración transversal do carácter da paisaxe, deseña a presente Estratexia, co obxectivo de integrar a paisaxe nas políticas de ordenamento territorial e urbanístico, e nas súas políticas ambientais, do patrimonio cultural, agrícolas, forestais, sociais, turísticas, industriais e económicas, así como en calquera outra política sectorial que poida producir un impacto directo ou indirecto sobre a paisaxe. Unha estratexia que se articula a través das seguintes Accións no horizonte do 2014:

### Acción (A.1). Redacción dos Instrumentos para protección, ordenación e xestión das Paisaxes.

#### A.1.1. Catálogos e Directrices de Paisaxe.

#### A.1.2. Plans de acción da paisaxe en áreas protexidas.

### Acción (A.2). Integración paisaxística.

### Acción (A.3). Sensibilización, formación e divulgación da Paisaxe.



*Paisaxe litoral da Costa da Morte*

***A extraordinaria riqueza e diversidade das paisaxes galegas constitúe un valioso patrimonio, non só polo seu valor para a identidade cultural, senón tamén por ser un indicador da saúde ecolóxica dos nosos territorios e da nosa calidade de vida.***

***As paisaxes actuais son unha sorte de palimpsesto no que ao longo dos séculos as diversas culturas teñen deixado trazos dos seus xeitos de vida e das súas formas de se relacionaren e interviren na natureza. Por isto, a paisaxe é un conxunto de formas heteroxéneas, un mosaico feito con “anacos de tempos históricos”, (Santos, M., 1996).***

***En definitiva, o home exprésase na paisaxe e nela é posible ler o triunfo ou o fracaso das súas accións.***


## A.1. REDACCIÓN DOS INSTRUMENTOS PARA PROTECCIÓN, XESTIÓN E ORDENACIÓN DA PAISAXE.

### A.1.1. CATÁLOGOS DA PAISAXE DE GALICIA.

Serán os documentos de referencia que fundamentándose nas distintas áreas xeográficas, morfolóxicas, urbanas e litorais existentes no territorio galego deberán delimitar, con base nos diferentes estudos e traballos existentes na materia, as Grandes áreas paisaxísticas de Galicia, polo que identificarán os diversos tipos de paisaxes existentes en cada unha delas e as súas características diferenciais.

#### Fito 1. –Elaboración do mapa das Grandes áreas paisaxísticas de Galicia

Foi preciso delimitar as Grandes áreas paisaxísticas sobre as que se desenvolverán os Catálogos da Paisaxe. A partires da experiencia de traballo do POL, e dun intenso traballo de campo dirixido polo catedrático da USC, Dr. Augusto Pérez Alberti, abordouse a elaboración do mapa das Grandes áreas da paisaxe galega. A delimitación de unidades paisaxísticas homoxéneas nun territorio da complexidade do galego foi un importante reto. A escala de traballo e a convicción de que a paisaxe transcende calquera límite administrativo foron as condicionantes de partida.





Mapa das Grandes áreas paisaxísticas e núcleo rural da Ribeira Sacra.

*A paisaxe constitúe a proxección cultural dunha sociedade nun espazo determinado. Polo que a planificación territorial debe conlevar o estudo da Paisaxe, non só como territorio senón como sociedade.*


*En Galicia a meirande parte das súas paisaxes, son culturais, tanto nas súas formas, como nas súas percepcións. Son o froito dun longo proceso de transformación e intervención no territorio.*

## Fito 2. Elaboración: Catálogos e Directrices Paisaxe das G.A.P. Cronograma ata 2016

A partires da estrutura definidas polas Grandes áreas e as súas Comarcas paisaxísticas e dos estudos de pilotaxe elaborados nas comarcas do Deza, Costa da Morte e Foxa de Ourense, así como da experiencia de traballo adquirida na redacción do Plan de Ordenación do Litoral en materia de paisaxe, a Estratexia prevé un cronograma de elaboración dos Catálogos e as súas Directrices para o conxunto de Galicia no horizonte do 2016.



Avance de Cartografía dos catálogos do Deza



Panorámica de Rodeiro

**A Convención europea da paisaxe introduce a idea innovadora, dende o punto de vista xurídico e político, de que cada territorio, se manifesta na especificade da súa paisaxe, independentemente da súa calidade e do aprecio que merece.**



### Fito 3. Fase de Participación Pública e aprobación do Catálogo de Paisaxe: Deza

A lei 7/2008 de 7 de xullo de protección da paisaxe de Galicia, establece a necesidade da participación dos actores sociais nas diferentes fases de elaboración dos instrumentos de protección, xestión e ordenación das paisaxes, co obxecto de incorporar as súas consideracións e aspiracións sobre as súas paisaxes.

Polo tanto, **deseñouse para o próximo ano 2012 a execución da fase de participación pública na redacción do Catálogo do Deza, dentro da Gran área paisaxística de Galicia Central.**

A estratexia de participación nos Catálogos de Paisaxe irán dirixidos principalmente a dous tipos de interlocutores:

1. **O público en xeral.**
2. **Os axentes sociais.** Entendendo por tales, a aquelas persoas ou entidades públicas ou privadas interesadas na paisaxe, que fan uso del ou teñen competencias na súa xestión. Dentro deles habería que distinguir entre os axentes do ámbito de análise e os alleos:

#### Axentes locais:

- Representantes da administración local.
- Doutras institución do territorio (colexios profesionais, universidade, centros educativos, centros de investigacións).
- Sectores económicos vencellados á paisaxe: agricultores, gandeiros, promotores construtores, empresas turísticas).
- Colectivos sociais: Entidades excursionistas, asociacións vecinais, agrupacións de propietarios, grupos ecoloxistas, cazadores, usuarios do medio en xeral).

#### Axentes externos ó ámbito de estudo:

- Representantes doutras entidades públicas (Consellerías, Deputación) ou privadas externas ó ámbito de estudo.

***A paisaxe contribúe á cohesión social pola súa función como base de comunicación e convivencia social e de compromiso das poboacións na xestión dos seus recursos naturais e culturais. É un elemento de afinidade e identidade territorial que require dun esforzo colectivo como pobo por coñecer, estimar e por en valor.***



### A.1.2. PLANS DE ACCIÓN DA PAISAXE EN ÁREAS PROTEXIDAS.

Unha vez aprobadas as Directrices da Paisaxe, establecerase un calendario de traballo para a elaboración dos Plans de acción da paisaxe das áreas protexidas localizadas nos seus correspondentes Catálogos. Estes Plans, conforme aos Obxectivos de Calidade paisaxística establecidos nas anteditas Directrices, concretarán, en forma de actuacións e medidas, tales obxectivos. Estes documentos integraranse nos instrumentos de planificación e ordenación da área protexida, previstos na normativa galega vixente en materia de Conservación da natureza.

Segundo o calendario previsto para a elaboración de Catálogos e Directrices, os primeiros Plans corresponderán ás áreas protexidas do Litoral.





Parque nacional da Illas Atlánticas.

***A nosa dimensión ambiental resólvese nun complexo binomio, somos de maneira indisoluble seres naturais e culturais, compartimos os ecosistemas con outros seres vivos, acadando a súa vez a capacidade de transformalo radicalmente. Dende esta dobre condición, vivimos e modelamos as paisaxes.***

## A.2. INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

### Fito 4. Publicación guía de Estudios de impacto e integración paisaxística (EIIP). Previsión Novembro 2011.

A posta en valor das paisaxes do noso territorio requiren dunha coidadosa actuación sobre eles, que evite a súa degradación. Segundo o artigo 11 da lei 7/2008 de 7 de xullo, en todos os proxectos que deban someterse ao procedemento de Declaración de impacto ambiental, segundo se establece na lexislación sectorial vixente, as entidades promotoras deberán incorporar no Estudo de impacto ambiental un Estudo de impacto e integración paisaxística. En consecuencia é necesario a publicación dunha guía que axude ós equipos redactores, axilizando os procedementos, na procura de encardinar estes estudos nas tramitacións existentes, a través dunha documentación simplificada e coherente co alcance da actuación prevista e coa capacidade de acollida do territorio. E que, ademais, contribúa a sensibilizar e educar en materia paisaxística, polo que estase a elaborar cunha linguaxe comprensible ao alcance do público en xeral.



*Na relación cas nosas paisaxes é urxente introducir unha lectura de responsabilidade.*

*A noción da integración paisaxística asóciase a variables como a harmonía, orde, respecto ou coherencia. Un proxecto que xurda da comprensión do lugar pódese dicir que cumpre co primeiro obxectivo da súa integración.*

*Algúns exemplos de guías de integración editados.*

### **Fito 5: Publicación dos manuais da colección “Boas prácticas na paisaxe”.**

Neste eido da integración paisaxística deseñouse unha liña de traballo consistente na elaboración de manuais de Boas prácticas para as actuacións, proxectos ou plans de maior incidencia, pola súa escala o seu carácter estruturante. Esta acción comezou este ano 2011 coa licitación de dous traballos:

- **Estudo dos núcleos rurais en Galicia, identificación, tipoloxía, caracterización e análise en clave de sostibilidade e integración paisaxística.**

As diferentes formas de agrupación poboacional que podemos atopar no medio rural galego son moi dispares en función, entre outras razóns, da diversidade xeográfica do territorio. O abano tipolóxico abrangue desde a aldea concentrada das áreas montañosas ata ás realidades ocupacionais de novo cuño nas periferias urbanas. Entre estes extremos existe todo un mundo de situacións que requiren, sen dúbida, dun esforzo de análise e clasificación, co obxecto de orientar as estratexias de ordenación do territorio e a integración paisaxística.

- **Guía de Integración paisaxística dos polígonos industriais e parques empresariais en Galicia.**

Pretende afondar na integración paisaxística destas actuacións sectoriais cunha incidencia relevante sobre a paisaxe. Os polígonos industriais e parques empresariais son espazos produtivos que teñen unha evidente incidencia económica a escala local e autonómica e, sen dúbida, uns complexos efectos desde a perspectiva da paisaxe e a ordenación territorial. Nas últimas décadas a evolución experimentada por eles é notable, cunha importante diversificación tipolóxica que leva, as veces, a confusións terminolóxicas. Unha evolución que non levou aparelada a necesaria reflexión sobre o seu acomodo na paisaxe. O estudo pretende aportar unha batería de estratexias integración paisaxística, cara ás novas implantacións, acordos cos principios recollidos na lei 7/2008 da lei de protección da Paisaxe de Galicia.

- **Outros temas previstos. Paisaxes en transformación: os desenvolvementos urbanísticos e a articulación entre a trama urbana e o rural.**



*Escena litoral.do concello de Mañón*

***A integración paisaxística pretende conxugar os factores naturais e humanos na procura dunha relación harmónica que se manifesta nunha maior calidade ambiental sen perxuízo da funcionalidade da actuación prevista.***

### A.3. SENSIBILIZACIÓN, FORMACIÓN E DIVULGACIÓN DA PAISAXE.

A “clave de arco” da estratexia dunha nova cultura do territorio, dunha mirada contemporánea da paisaxe reside, sen dúbida” no seu coñecemento”. A comprensión da relación entre as persoas e os lugares, bautizado por algúns autores como a “alfabetización na paisaxe” é unha liña básica do noso traballo.

As actuacións previstas contemplan no eido científico, avanzar no coñecemento da complexidade estrutural e dinámica das nosas paisaxes, desde postulados interdisciplinares, a diversas escalas de análise. Así como no papel que pode chegar a xogar a aprendizaxe emocional, como medio para aproximarse ás paisaxes vividas.

Atendendo a esta dúas claves, tense previsto, consonte co establecido na lei, accións de formación, sensibilización e educación dirixidas á sociedade galega en xeral, e ós xestores e usuarios do territorio en particular. Así estase a traballar nas seguintes liñas:

- **Congreso Internacional de Paisaxe en Galicia. (previsión finais 2012)**
- **Actividades de Formación especializada.**
- **Creación de Material educativo para Primaria e Secundaria** que incida na apreciación do valor da paisaxe entre a comunidade escolar e na aprendizaxe da súa lectura, para poder comprender as súas transformacións. Nesta liña tense previsto en colaboración co ProxectoTerra (2012) o desenvolvemento dun prototipo de Material Multimedia Interactivo para Educación Secundaria Obrigatoria, sobre a comprensión das Paisaxes galegas, baixo o título de **Fiestras á paisaxe.**

#### Fito 6. A marca: “A Paisaxe Galega”.

O termo “Paisaxe Galega” convertírase en marca de calidade que será otorgada á aqueles proxectos ou actuacións, tanto públicas como privadas que sexan salientables pola súa axeitada integración paisaxística. Un selo de recoñecemento que intentará por de relevo que existen outras formas de facer as cousas nas nosas paisaxes. Unha aposta pola calidade paisaxística que aspira a converterse nun referente dentro da Comunidade.

*O Convenio Europeo da Paisaxe despraza a mirada dende os espazos singulares, cara os ordinarios, os vividos pola maioría dos cidadáns. Esta universalidade da paisaxe está ligada a nosa calidade de vida, ó dereito cidadán de gozar dunhas paisaxes harmónicas. A lei de protección da paisaxe de Galicia, pretende, en sintonía con este principio, darlle forma á vontade da nosa sociedade de poder intervir nas transformacións paisaxísticas, garantindo a preservación dos seu valores.*

